



CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 30/10/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a marzo-outubro 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes marzo-outubro 2020 terá lugar neste Municipio dende o día 2 de novembro de 2020 ata o día e de xaneiro de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 30 de novembro de 2020.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2760

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira nun monte comunal desta entidade local, aportando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que nun prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
CLARA FERREIRO SANTOS	POLÍGONO 77 PARCELAS 97 E 92 POLÍGONO 76 PARCELA 119	GOMEÁN

O Corgo, 5 de novembro de 2020.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2761

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 10/2020, (terceiro de competencia do Pleno), para transferencias de crédito e maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión ordinaria

celebrada o día vintecatro de setembro de dous mil vinte, por un importe total de NOVENTA MIL EUROS (90.000,00 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal.....	823.098,23.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	1.565.458,16.-
3.- Gastos financeiros.....	3.500,00.-
4.- Transferencias correntes.....	112.562,58.-
6.- Inversións reais.....	1.965.893,58.-
7.- Transferencias de capital.....	224.177,93.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.694.690,48.-

Na mesma sesión plenaria, acordouse a modificación do Anexo de Inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 6 de novembro de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2762

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA P.A.I.

NOVEMBRO 2020

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) correspondente ao mes de novembro de 2020 por importe de Mil catrocentos oitenta e oito euros con sesenta e un céntimos (1.488,61).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 2 de novembro de 2020.- A Alcadesa - Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 2763

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2020, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón da TAXA de AUGA correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2020.**

- **Padrón da TAXA de LIXO correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2020.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fíxase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 2 de decembro de 2020 ata o 2 de febreiro de 2021, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oourol, 4 de novembro de 2020.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2764

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 03 de novembro de 2020, prestou aprobación o Padrón da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación destes correspondente ao segundo semestre de 2020, no medio rural.

Así mesmo, acordouse expoñer o público o citado Padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte o da inserción deste edicto no B.O.P., no taboleiro de anuncios deste Concello e nos lugares de costume, o obxecto de exame e reclamacións. De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

O período de cobramento en vía voluntaria será dende o 18 de Novembro ó 18 de Decembro nas oficinas municipais de 10 a 14 horas.

Transcorrido o prazo sinalado, todos os contribuíntes que non satisfixesen os seus débitos quedarán incursos na recarga e costas de procedemento establecidos no Regulamento Xeral de Recadación.

Riotorto, 5 de novembro de 2020.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2765

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos núm. MC11/2020 nas modalidades de suplemento de crédito cuxo importe total ascende a 150.200,00 euros, de acordo co establecido no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co 20.3 do RD 500/1990, de 20 de abril, faise público o resumo por capítulos do orzamento de gastos, que definitivamente queda como segue:

Cap. 1 Gastos de persoal	742.626,82
Cap. 2 Gastos correntes en bens e servizos	502.497,63
Cap. 3 Gastos financeiros	8.000,00
Cap. 4 Transferencias correntes	75.100,00
Cap. 6 Inversións reais	564.956,28
Cap. 9 Pasivos financeiros	89.000,00
TOTAL.....	1.982.180,73

Riotorto, 5 de novembro de 2020.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2766

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05/11/2020, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a OUTUBRO de 2020, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como período de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os

actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 5 de novembro de 2020.- ALCALDE PRESIDENTE, D. Julio Gallego Moure.

R. 2767

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 05.11.2020 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 4º trimestre de 2018, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA de Samos, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en periodo voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 6 de novembro de 2020.- ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 2768

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 5 de novembro de 2020, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo Gardería Infantil no Punto de Atención á Infancia do Concello de Sober, correspondente ao mes de Novembro de 2020.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 5 de novembro de 2020.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2769

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 5 de novembro de 2020, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de Outubro de 2020.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 5 de novembro de 2020.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2770

TABOADA*Anuncio*

Sumario: Resolución de Alcaldía de data 15 de outubro de 2020 do Concello de Taboada pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase a María del Mar Ferreiro Vázquez, para cubrir a praza de MONITOR DE DEPORTES/TÉCNICO DEPORTIVO.

Por Resolución de alcaldía de data 15 outubro de 2020, unha vez concluído o procedemento selectivo, efectuouse o nomeamento de María del Mar Ferreiro Vázquez CON DNI: ***4023** como Personal Laboral Fixo do Concello de Taboada.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Taboada 10 de novembro de 2020.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 2791

XERMADE*Anuncio***Establecemento prezos públicos**

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/10/2020 aprobouse o establecemento dos prezos públicos, co seguinte detalle:

- Xornada micolóxica: 15,00 euros por persoa

Xermade, 2 de novembro de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2771

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**CONFEDERACIÓN HODROGRÁFICA DO MIÑO – SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***Expediente: A/27/27404**

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 02 de noviembre de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Bodegas Rectoral de Amandi, S.A.U., la oportuna concesión para aprovechamiento de 3,56 l/s de agua procedente de un pozo situado en la parcela 113 del polígono 55, en el lugar de Lamela, parroquia de O Hospital (San Salvador), término municipal de Quiroga (Lugo) para riego por goteo de 16,0902 has pertenecientes a dos parcelas.

Lugo, 5 de noviembre de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2772

Anuncio

Expediente: A/27/27498

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 02 de noviembre de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Manuel González Sánchez, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,064 l/s de agua procedente de un manantial sito en la parroquia de Tuimil (Santa María), en el término municipal de Bóveda (Lugo) con destino a usos ganaderos.

Lugo, 6 de noviembre de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2773

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01309

PETICIONARIO: Manuel Aniceto Rodríguez Vázquez

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Constante

LOCALIDAD: Constante Silvarrei (San Xoán)

TÉR.M. MUNICIPAL: Outeiro de Rei

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Santa Marta/Sta. Marta de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Constante" - "Manuel Aniceto Rodríguez Vázquez", con un volumen máximo anual de 248,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas.
- Tanque Imhoff.
- Filtro percolador.
- Arqueta toma muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 6 de noviembre de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2774

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01353

PETICIONARIO: Mónica Currás Campello

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Valonga

LOCALIDAD: Valonga Valonga (Santa María)

TÉR.M. MUNICIPAL: Pol

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Valonga/Valonga

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Valonga" - "Mónica Currás Campello", con un volumen máximo anual de 248,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 6 de noviembre de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2775

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

A/27/02174

M^a Dolores Pozo Rodríguez solicita la novación de la concesión de un aprovechamiento de 0,07 l/s de agua procedente del manantial "Fuente de Vilamoure", en el lugar de Vilamoure, término municipal de Lugo, con destino a riego de 0,88 Has. de la finca "Prado de la Penela".

La captación se realiza desde un manantial cuyas aguas son conducidas por un tubo de 350 mm y 18 m de longitud. Desde aquí el agua fluye a través de un canal. A partir de éste se realizan 3 presas con el fin de derivar las aguas por la parcela a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Lugo, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 5 de noviembre de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2776

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - ALFOZ

Anuncio

Convocatoria Subvencions Actividades Culturais 2020

BDNS (Identif.): 531715

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/531715>)

a) Crédito orzamentario: 9.000 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a regular o outorgamento de subvencions co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público no Concello de Alfoz.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos:

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencions do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencions reguladas nas presentes bases as asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz, que teñan a súa sede social no termo municipal de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

Non poderán optar a estas subvencions as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

e) Documentación a presentar:

a) Solicitud da subvención segundo Anexo I.

b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.

d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencions ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

f) Copia do CIF da entidade.

g) Declaración xurada sobre a concorrenza dos criterios obxecto de valoración.

h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais .

Órgano competente resolución: Alcaldía.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2020.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos. máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, ata 8 puntos.

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación, ata 12 puntos.

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (max. 100 ptos.)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades organizadas. Ata 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenroladas. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

-Por actividades enfocadas á mocidade (menores de 18 anos) : ata 2 puntos por actividade.

-Por actividades enfocadas á 3ª idade: ata 2 puntos por actividade.

-Pola función didáctica e educativa, engadido o seu valor para promocionar e manter as tradicións e peculiaridades culturais de Alfoz: ata 5 puntos por actividade.

- Pola repercusión turística para Alfoz, en canto á afluencia de persoas doutros municipios ou a promoción de Alfoz noutras localidades : ata 8 puntos por actividade.

- Por programar e levar a cabo actividades enfocadas aos veciños con periodicidade polo menos semestrais durante cada ano no Concello: ata 10 puntos por actividade.

III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2020, ata 5 puntos.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2020 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre) , ata 25 puntos.

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde, presentáense no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 5 de novembro de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 2780

Anuncio**Convocatoria Subvencións Actividades Deportivas 2020**

BDNS (Identif.): 531926

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/531926>)

a) Crédito orzamentario: 750 euros.

b) Obxecto e obxectivos:

O obxecto é regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de actividades deportivas que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público no Concello de Alfoz.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

Poderán optar a estas subvencións as entidades e asociacións sen fins de lucro, públicas ou privadas, que, cumprindo o prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do concello de Alfoz.

- O obxecto da entidade debe estar relacionado co fomento da actividade deportiva como obxectivo principal ou transversal na organización de actividades extraescolares, no seu caso.

- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, e en especial pero de forma non excluínte, os clubs deportivos federados existentes no Concello de Alfoz.
- No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Alfoz ou doutra administración, correspondente ao exercicio económico de 2020, e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.
- Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Alfoz , e con calquera outra administración.
- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Alfoz.
- Dispor de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos.

En todo caso quedan excluídas as actividades xustificadas polo Club Deportivo Alfoz e a Asociación Deportiva Río Ouro, por ter sido beneficiarios dunha subvención nominativa.

e) Documentación a presentar :

- a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.
 - b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
 - c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
 - d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
 - e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
 - f) Copia do CIF da entidade.
 - g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
 - h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais.

Órgano competente resolución: Alcaldía.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes dende o remate do prazo de presentación de solicitudes, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2020.

i) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

j) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN: (20 ptos. máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación (máx. 8).

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación / Clube.(máx. 12)

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO SOCIAL MUNICIPAL: (máximo 100 puntos).

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas . Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades. Ata 30 puntos.

3º. En función da duración das actividades ou ligas nas que se participa. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

III. NIVEL DEPORTIVO. (Máximo 20 puntos).

Terase en conta unicamente o nivel máis alto de calquera dos seus equipos/conxuntos/deportistas.

IV.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2020.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2020 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre).

3. - Polos gastos de federación soportados. Máximo 10 puntos.

k) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o prazo de cinco días naturais sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado que figuran como anexos ás bases reguladoras que se publicarán na sede electrónica do Concello (concellodealfoz.sedelectronica.es), dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Alfoz, 5 de novembro de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 2781

Anuncio

Subvencións Actividades Educativas e Formativas 2020

BDNS (Identif.): 531935

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/531935>)

a) Crédito orzamentario: 1.300 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a regular o outorgamento de subvencións para o desenvolvemento de proxectos, programas ou actividades que persigan un fin educativo pero tamén formativo, admitíndose dentro de estas as relativas a técnicas ou melloras na produción do sector primario.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións para a promoción de actividades educativas e formativas do Concello de Alfoz, exercicio 2020, os centros públicos educativos do Concello de Alfoz, as asociacións de pais e nais e as asociacións municipais que teñan implicación no sector primario que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As entidades solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

e) Documentación a presentar :

- Solicitud de subvención segundo Anexo I.
- Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- Copia do CIF da entidade.
- Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais.

Órgano competente resolución: Alcaldía.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes dende o remate do prazo establecido para a presentación de solicitudes, en todo caso antes do día 31 de decembro de 2020, e o silencio administrativo será desestimatorio.

i) A resolución de concesión pon fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

j) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos. máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, ata 8 puntos.

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación, ata 12 puntos.

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO MUNICIPAL: (max 100 ptos.)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades. Ata 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenroladas. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

- Por actividades desenroladas dende o propio centro: 10 puntos.

- Por programar e levar a cabo actividades con periodicidade polo menos semestral: ata 7 puntos por actividade

III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2020, ata 5 puntos.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2020 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre), ata 25 puntos.

k) Medio de notificación: A resolución notificarase aos beneficiarios por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o prazo de 5 días naturais seguintes ao da publicación da resolución sen que se renuncie á subvención, entenderase tacitamente aceptada.

l) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado que figuran como anexos nas bases reguladoras destas subvencións, que se publicarán na sede electrónica do Concello (concellodealfoz.sedelectronica.es) e dirixiranse ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Alfoz, 5 de novembro de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 2782